

## Comité Provincial Seguridade Saúde Nº 343 - 27 de xaneiro de 2010

**1.- Actas:** apróbase e asínase a acta 342.

**2.- Accidentes:** en Telefónica houbo 3 accidentes en novembro (1 deles con baixa) e outro en decembro (con baixa), nas contratas houbo un en novembro e outro en decembro. Só unha contrata informa se o accidente é con baixa ou sen ela, tamén se comenta que o Servizo Mancomunado de Prevención Laboral debería cualificar os accidentes das contratas pois moitos deles son informados como leves cando seguramente non terían esa cualificación en Telefónica.

Neste punto a Técnico de Prevención adianta o resultado da avaliación de Riscos Psicosociais en Residencial, resaltando que a carga mental saíu moi elevada (9.06) cando xa era o dato máis preocupante na anterior avaliación (9.03 no 2005). Despois das “medidas” que tomou a empresa para rebaixar a carga mental, resulta que se incrementa aínda máis, o cal nos di o resultado que acadaron esas “medidas”. Solicítase que o departamento informe neste Comité desas “medidas” adoptadas e as que pensan poñer en marcha á vista dos resultados acadados, haberá un CPSS extraordinario para tratar esta cuestión.

**3.- Comentarios Actas CCSS, Subcomisión de Incendios e Grupo de denuncias Edificios, Escadas e Planta Exterior:** Comentarios Actas CCSS 401 e 402. Resaltamos o seguinte:

Inmobiliario informa que nas deficiencias detectadas nas Avaliacións de Riscos debe actuarse con urxencia nas deficiencias graves, o resto presupostaranse en función da prioridade, debe facerse o seguimento nos Comités Provinciais. Preséntase o borrador da Planificación Preventiva para o 2010, incorpórase un punto novo: revisión de Equipos de Protección Individual para traballos en altura. Tamén se fai un seguimento dos casos de gripe A, en Telefónica a incidencia está sendo menor que a media do estado (327 casos por cada 100.000 habitantes)

Na acta 402 preséntanse os datos da avaliación de Riscos Psicosociais en Negocios e Profesionais, o dato máis desfavorable é tamén a carga mental, as áreas deben propoñer accións de mellora e pasar os datos ao CPSS. Como dixemos anteriormente, as accións de mellora, no caso de Residencial na Coruña, conseguiron que os datos fosen aínda peores. Presentase a Planificación Preventiva para o 2010 e sobre os traballos de ampliación/substitución de baterías a empresa informa que estes traballos non son feitos por persoal de Telefónica.

Grupo de denuncias: o responsable de Operacións Locais informa que as escadas de RP están todas revisadas e só hai unha en mal estado (Ortigueira) que se cambiará. Dende a CIG indicamos que cando se cambien polas de fibra habería que estudar o número de escadas a instalar, en moitos casos o RP ampliouse e fan falla máis escadas.

Sobre o alumeado de emerxencia seguimos igual, o responsable da área non está na reunión e só enviou por correo un listado informando de como está a situación, segue habendo moitas centrais con deficiencias nesta cuestión e ao ritmo que van non se darán arranxado.

**4.- Puntos Pendentes:** nesta cuestión resumimos algunhas deficiencias:

Comentase o caso dun accidente da contrata Limcamar, no anterior CPSS quedárase en solicitar máis información e unha vez que chegou fábase do caso. Habería que facer unha mellora na instalación onde se produciu o accidente para evitar casos semellantes no futuro.

Vestuario de Planta Exterior: enviarase un escrito ao Comité Central de Seguridade e Saúde pois aínda no se recibiu a roupa de inverno, a este paso chegará o verán a seguirán esperando.

CT Montaña: na galería de cables hai moi pouca altura para poder traballar, moverán uns cables para aumentar a altura.

CT Oleiros Perillo aínda non se fixo a obra para adaptar o alumado de emerxencia da galería de cables, polo visto hai presuposto e seica non tardarán en facer os traballos.

CT Inferniño: parece que xa se fará a obra para evitar a auga que entra polo tellado, dende que denunciámos esta cuestión xa choveu abondo (dentro e fora da central) e fixo falta que a auga chegase aos equipos para que inmobiliario se dese por aludido. Canto se tería aforrado se a obra se fixese cando se avisou das pingueiras.

Dende a CIG denunciámos na reunión anterior que ás veces cando se instalan equipos novos no RP non se ten en conta a situación que quedará para poder acceder a eles a facer traballos, puxemos de exemplo o caso do RP de Espiño. Pasaranse a Creación de Rede estes equipos para que desmonten os vellos e se poida acceder aos novos sen perigo.

Tamén solicitamos que se nos informase do protocolo de actuación que ten a empresa nas alertas climatolóxicas, informan que na mesa de control nacional (Aravaca) recíbense as alertas do 112 e dende aí trasládanse aos responsables dos departamentos. Algo falla pois case nunca chega esta información aos compañeiros que traballan no exterior que son os primeiros que deberían estar informados.

**5.- Puntos Novos:** Facemos un breve resumo dos puntos presentados:

Tapas de arquetas tipo D, cando chove son un perigo pois quen pasa por riba delas pode esvarar ao pisalas, probouse unha pintura que deu bo resultado e seguramente se estenda a outras.

CT Espiño: no segundo andar teñen que facer obras para agrandar a sala de equipos, este espazo seralle quitado á sala onde están os compañeiros de CNOC, con todo aínda quedará espazo suficiente para o departamento.

Dende a CIG introducimos as seguintes cuestións:

CT Oza: hai un extintor no medio de RP que dificulta o traballo, solicitamos que se cambie e se instale nun recanto da sala.

Traballos acompañados en O+M: en Santiago reduciuse persoal na quenda de tarde, neste momento só hai unha persoa de garda nas quendas de tarde de Santiago e A Coruña, preguntamos se están a cumprir as normas de SSL sobre traballos acompañados sen luz natural. O xefe do departamento insiste en que si, en calquera caso dende a CIG estaremos atentos a que isto sexa realmente así.

Acometidas rotas: denunciámos que a cada paso hai máis acometidas rotas e tiradas polo chan ou amarradas de mala maneira a calquera poste, o caso é que como nas baixas xa non se desmonta nada e estas acometidas quedan sen servizo, non haberá abonado que reclame por elas. En moitos casos son un perigo ao estar por riba dunha estrada ou dunha beirarrúa e debería facerse un seguimento e ir retirándoas. Aínda que se nos diga que as contratadas teñen a obriga de ter o seu sector en bo estado, o certo é que non é así e debería esixirse que cando se detecten cables polo chan se retiren de inmediato.

Sobre vestiario volvemos a traer un caso dun chaquetón que deixaba pasar a auga polo que non cumpría o cometido como roupa de traballo, tempo atrás denunciámos sandalias que se desfacían con moi pouco uso, tendo en conta que non son casos illados e podería tratarse de partidas de material defectuoso, debería haber un procedemento para devolver este material e que a empresa soubese que está defectuoso. Polo visto na propia web hai un prazo dun mes para devolver o material, o caso é que se dan a roupa de inverno cando este xa pasou, como seguramente acontece este ano, cando probes a roupa xa pasaron varios meses.